

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE MAIO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 20 de maio de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición do edificio sito na rúa Serra Gañidoira, número 51; para demolición de vivenda e alpendre anexo sito na rúa Flor de Lis, número 26; para demolición de edificio sito na rúa Dona Urraca, número 23; para demolición de edificación sita na avda. da Coruña, números 217, 219 e 221; para demolición de edificación sita na rúa Chantada, número 35; para demolición de medianeiras do edificio sito na rúa García Portela, números 11-13; para demolición de edificación sita na rúa Camiño Real, número 48; para demolición de nave e vivenda anexa sita en Castelo de Arriba; para ampliación de construcións agrarias en Villarvente, Labio; para desvinculación de entresollado das plantas baixas no edificio sito na rúa Praza Comandante Manso, número 19, e rúa Río Neira, número 2; para instalación de ascensor no edificio con licenza número 173/74, sito na rúa Serra de Outes, número 62; para construción destinada a aloxamento para gando en Barreira, Santiago de Saa; para legalización de modificacións no edificio sito na rúa Río Sil, números 37-39-41;

para legalización de reforma de vivenda unifamiliar en Corral de Arriba-Pías E para cambio de uso no edificio sito na rúa Río Eo, números 29-31.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal adscrito ó Fogar do Transeúnte e aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación das obras de accesibilidade no Concello de Lugo, fase V e da apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda adxudicación definitiva para a contratación de concertos con motivo da celebración da XXXVII edición do festival de música cidade de Lugo “Semana de Música do Corpus Lucense”.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E EDUCACIÓN

4. CULTURA.- Acórdase a aprobación das bases técnicas que rexerán no concurso público para o outorgamento de autorizacións ou licenzas de instalación de postos de atraccións nas festas do San Froilán -2009, 2010 e 2011.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase o cesamento do Director Xeral de Novas Tecnoloxías e Sociedade da Información.

Lugo, 27 de maio de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García